

Juan Viaño

Candidato a reitor da USC

Juan Viaño, candidato a reitor da USC

“O meu proxecto vai modernizar a Universidade de Santiago de Compostela”

- Juan Viaño, catedrático de Matemática Aplicada, presentou hoxe a súa candidatura a reitor da Universidade de Santiago de Compostela.
- Anunciou a apertura dun proceso de mellora colectiva do seu programa a través da súa páxina web juanviano.com.
- Os eixos principais da candidatura de Juan Viaño xiran ao redor do slogan “Proxecto, programa e acción”.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2014. Juan Viaño, catedrático de Matemática Aplicada da USC, presentou a súa candidatura a reitor da universidade compostelá. Durante a presentación, Viaño afirmou que o seu proxecto vai modernizar a universidade con liñas fundamentadas no carácter público da institución, a calidade e o servizo á sociedade.

Viaño anunciou tamén que ata o día 3 de abril a páxina web oficial da súa candidatura, juanviano.com, permitirá que todas as persoas que o desexen analicen e melloren as principais propostas para o seu goberno. “Trátase de crear un proceso fundamentado na intelixencia colectiva que permite construír o mellor programa de todos os posibles”, afirmou. Viaño asegurou que as boas ideas sempre poden ser melloradas coas dos demais.

Juan Viaño anunciou tamén que está axustando o equipo de vicerreitores que forman parte da súa candidatura, “porque estou rodeado de excelentes profesores, persoal de administración e servizos e estudantes, pero necesito analizar moi polo miúdo todas as propostas que nos cheguen para propoñerlle á comunidade universitaria un equipo eficaz e sólido”.

Os eixos principais da candidatura de Juan Viaño xiran ao redor do slogan “Proxecto, programa e acción”. O candidato a reitor considera que “o proxecto é a modernización da institución tanto no campus de Lugo coma no de Santiago; o programa son as máis de cen ideas que hoxe facemos públicas e que teñen que ser melloradas por todos. A acción está garantida coa forza e a experiencia de todos os que formamos parte desta candidatura”.

A proposta de programa inicial divídese nos apartados de financiamento, estudantes, profesores e persoal de administración e servizo, oferta formativa,

Juan Viaño

Candidato a reitor da USC

investigación, organización interna, internacionalización, emprendemento, transferencia de resultados, as tecnoloxías da información, a transparencia e a responsabilidade social, a comunicación e a reputación. “En cada un destes apartados facemos unha proposta de ideas necesarias e perfectamente realizables que na nosa opinión modernizarán a USC”, apuntou Viaño.

Unha das primeiras medidas que se tomarán é o cambio de modelo de contabilidade, aplicando a metodoloxía da contabilidade de xestión. “Isto permitiranos coñecer exactamente os custes e os gastos que temos día a día, unha ferramenta indispensable para poder actualizar todos os nosos procesos e melloralos”, afirmou Viaño.

Máis información: <http://www.juanviano.com>

Twitter: <https://twitter.com/JuanVianoReitor> | @JuanVianoReitor

Flickr: <http://www.flickr.com/photos/120918413@N04/sets>